



PRIMEIROS PASOS NA AULA VIRTUAL


Ao entrar aparecen 3 bloques. No bloque Navegación seleccionamos o desligable cursos para acceder




Seguidamente ábrese un novo bloque cos departamentos. No novo bloque vou premendo para entrar ao que pertenzo. Unha vez dentro aparecen os nomes dos profesores.




Ao premer enriba do nome do profesor ábrese unha nova ventá. Hai dous botóns que permitirán crear cursos (ver imaxen). O curso aparecerá automaticamente.



Unha vez o curso foi creado, se quero modificar algo debo ir a **ACTIVAR EDICIÓN**




De este xeito xa podo engadir tarefas, ficheiros ou subir enlaces.



Os cursos están estruturados en **temas**, poderían cambiarse a súa configuración en **EDITAR AXUSTES** ao formato **semanas**, pero non é o habitual

¡¡IMPORTANTE!! Os cursos por defecto veñen activados para que **se poida acceder como convidados**. Polo que temos que **restrinxir o acceso como convidados** da seguinte forma: Ir ao bloque de **administración do curso** (debaixo do bloque de Navegación a esquerda) e premer en **USUARIOS**.



Ábrese un desagregable onde selecciono **MÉTODOS DE MATRICULACIÓN**. Aparece esta táboa:

Métodos de matriculación			
Nome	Usuarios	Subir/Abaixo	Editar
Automatriculación (Alumno)	0	↓	🗑️ 👁️ ⚙️
Matriculacións manuais	0	↑ ↓	👤 ⚙️
Acceso como convidado	0	↑ ↓	🗑️ 👁️ ⚙️
Categoría matriculas	1	↑	👁️
Engadir método Escoller...			

Na columna de **Editar** seleccionar a papeleira ou o ollo.